



Novas

- » Finou en México con 97 anos Alixio Rodríguez, cofundador da revista Vieiros e do Padroado da Cultura Galega en México
- » Inaugúrase a Biblioteca Galega de Bos Aires
- » O galego César Antonio Molina asume a carteira do Ministerio de Cultura
- » A AELG entrega a súa 'Letra E' ao dramaturgo Manuel Lourenzo
- » A Real Academia Galega escolleu a Xosé María Álvarez Blázquez para adicarle o Día das Letras Galegas do 2008

MES

I

X

No ano 1994 deixou publicadas suas memorias no libro *Matádeo mañá*

Finou en México con 97 anos Elixio Rodríguez, cofundador da revista Vieiros e do Padroado da Cultura Galega en México

(10-Xullo-2007)



O luns 9 de xullo morreu en México, con 97 anos, o histórico galeguista Elixio Rodríguez Domínguez.

Elixio Rodríguez, nado un 4 de xaneiro en Grou (Loibos) e veciño de Bande, iniciouse no galeguismo da man de Vicente Risco e Otero Pedrayo en Ourense cando só era un adolescente. Ingresou sendo mozo no Partido Galeguista e foi fundador das Mocidades Galeguista de Bande, polo que foi detido e encarcerado no mosteiro de Celanova pola Garda Civil no comezo do alzamento militar do 36. En febreiro do 37 alístase na lexión Cóndor, da que fuxe cara a Xibraltar un mes máis tarde para sumarse á aviación republicana, onde estivo acusado de espionaxe para o inimigo. Grazas a Castelao e outros deputados galegos que intercediron por él librouse dunha clara pena de morte. Pasou o resto da guerra en Barcelona, tras a caída de Cataluña pasou a Francia, e de aí a Veracruz (México) o 13 de xullo de 1939.

En México mantivo a militancia no Partido Galeguista no exilio. O 29 de xuño de 1953 participou na fundación do Padroado da Cultura Galega, e en 1958, xunto a Carlos Velo, Luis Soto e Florencio Delgado Gurriarán, alentará a aparición da revista Vieiros.

En 1994 publica na editorial Xerais o libro de memorias, *Matádeo mañá*, unha memoria lúcida do exilio galego en México e unha grande aportación á memoria colectiva de Galicia.

A biblioteca, ubicada na sede da Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina, contará con máis de 12.000 volumes

Inaugúrase a Biblioteca Galega de Bos Aires

(09-Xullo-2007)

Onte inaugurouse a Biblioteca Galega de Bos Aires, a primeira biblioteca galega no exterior e que acolle na súa sede a Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina, entidade que este ano celebra o 85º aniversario.

Esta biblioteca, que recibiu para a súa creación 20.000 € da Consellería de Cultura, conta con máis de 12.000 volumes e vai ofrecer ós lectores servizo de lectura en sala, sección infantil e xuvenil, préstamo a domicilio, catálogo en liña, consulta especializada e actividades de extensión cultural.

Esta biblioteca, polo acordo asinado en abril do 2006 coa Consellería de Cultura, recibirá os mesmos aportes bibliográficos das súas equivalentes públicas de Galicia.



Sustitúe a Carmen Calvo no cargo

O galego César Antonio Molina asume a carteira do Ministerio de Cultura

(06-Xullo-2007)



O xornalista, escritor e director do Instituto Cervantes César Antonio Molina foi nomeado hoxe Ministro de Cultura polo presidente do Estado José Luis Rodríguez Zapatero. César Antonio Molina (A Coruña, 1952) é licenciado en Dereito e Ciencias da Información. Traballou en Cambio 16 e Diario 16 e foi profesor na Universidade Complutense de Madrid e na Universidade Carlos III. En maio do 2004 foi designado director do Instituto Cervantes.

A súa obra literaria, composta de máis de 30 libros, está moi vencellada a Galicia. O seu primeiro libro *Épica*, foi publicado pola editora coruñesa Argrove no ano 1974.

Entre as súas obras destacadas están:

- *Épica* (Argrove, 1974)
- *La revista Alfar y la prensa literaria de su época* (1920-1930). (Nos, 1984)
- *Antología de la poesía Gallega contemporánea*. (Júcar, 1984)
- *El fin de Finisterre*. (Sociedad de cultura Valle Inclán, 1988). Edición bilngüe galego-castelán.
- *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)* (Xerais, 1989)
- *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)* (Xerais, 1989)
- *Sobre el iberismo y otros escritos de literatura portuguesa* (Akal, 1990)

- *Viaje a la Costa da morte* (Huega & Fierro, 2003)
- *Eume* (Galaxia, 2007)




A filosofía da homenaxe é a de honrar escritores e escritoras cunha dilatada carreira literaria

A AELG entrega a súa 'Letra E' ao dramaturgo Manuel Lourenzo

(06-Xullo-2007)

A Homenaxe O Escritor na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XIII Edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Manuel Lourenzo, que será homenaxeado no val onde naceu, O Valadouro. Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da asociación, e tense constituído ao longo dunha década como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental nesta cita cultural. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando, deste xeito, o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe. Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a), a plantación dunha árbore simbólica (elixida polo propio autor, e que neste caso é un érbedo), a colocación dun monolito conmemorativo ou a inauguración dun espazo público co nome do/a homenaxeado/a ou cun nome elixido polo/a homenaxeado/a.



Os actos de homenaxe terán lugar o domingo 8 de xullo, a partir das 11:30 da mañá. A filosofía da homenaxe é a de honrar escritores e escritoras cunha dilatada carreira literaria que suscite o consenso de todos en canto á súa valía. Quere ser unha homenaxe que goce da presenza do homenaxeado/a contando coa súa implicación persoal durante a organización. Busca tamén a complicidade dos veciños e autoridades locais da que o escritor/a considera a súa terra, neste caso o Val do Valadouro, que abarca os concellos de Alfoz e O Valadouro.

[Máis información na web da AELG]


[Ver programa]



Día das Letras Galegas 2008

A Real Academia Galega escolleu a Xosé María Álvarez Blázquez para adicarle o Día das Letras Galegas do 2008

(01-Xullo-2007)



Na asemblea ordinaria celebrada onte na Coruña os membros da Real Academia Galega elixiron ó polígrafo tudense Xosé María Álvarez Blázquez como figura a homenaxear no Día das Letras Galegas 2008 o vindeiro 17 de maio.

Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) foi unha das figuras clave na cultura galega dentro do que se chamou o exilio interior. Na súa mocidade formou parte da Federación de Mocidades Galeguistas para pasar despois ó Partido Galeguista.

Escritor, investigador, editor e profundo galeguista. Xosé María Álvarez Blázquez publicou en distintos xéneros: poesía, novela, narrativa infantil e ensaio. Foi ademáis un laborioso investigador de arqueoloxía, literatura e historia. Cofundador no ano 1950 da primeira editorial en editar en galego tra-la Guerra Civil, a editorial Monterrey xunto a Luis Viñas Cortegoso e de Edicións Castrelos en 1964.

En 1962 entra a formar parte da Real Academia Galega cun discurso sobre Cantares e Romances vellos prosificados.

Destaca a súa poesía neotrobadoresca, da que foi figura clave xunto a Fermín Bouza-Brey e Álvaro Cunqueiro. Entre a súa obra podemos destacar os tres libros de poemas publicados en vida: *Poemas de tí a tí*, *Roseira do teu mencer* e *Canle segredo*.

